



Ra vermella (*Rana temporaria subsp. parvipalmata*)



NOME COMÚN

Ra vermella

NOME CIENTÍFICO

*Rana temporaria subsp.
parvipalmata*

CLASE

Anfibios

FAMILIA

Ranidae

DESCRICIÓN

De tamaño pequeno ou moi pequeno, de cor case sempre arroibada, manchas negras pouco abundantes e palmeadura interdixital moi reducida. Cabeza máis ancha que longa, cun fociño arredondado. Ollos prominentes con pupila ovoide horizontal. Tímpano ben marcado e grande. Lingua moi móbil e fendida. Os adultos poden conseguir entre 33 e 65 mm de lonxitude e os 4-30 g de peso, sendo as femias sempre maiores.

A cor dorsal é ocre, amarela, laranxa, vermella ou parda. A nivel das patas dianteiras adoita ter unha marca ao xeito de V invertido. Presenta uns pregamentos dorsolaterais moi evidentes, non paralelos, senón que se aproximan un pouco a nivel das patas anteriores e máis abaixo volven afastarse, que van desde a parte posterior dos ollos ata o comezo das patas posteriores.

REPRODUCCIÓN

Despois do característico *amplexus* axilar na auga, a femia deposita uns 900-4000 ovos en varias masas xelatinosas semimergulladas. As posturas son depositadas en charcas de chuvias invernais en pradarías, brañas ou charcos producidos polo desbordamento dos ríos.

ALIMENTACIÓN

Come calquera clase de invertebrados, como arácnidos, coleópteros, dípteros, himenópteros e larvas de lepidópteros.

HÁBITAT

De hábitos moi terrestres, só se achega á auga para criar. Adoita encontrarse en pradarías e zonas de matogueira ou en bosques (en verán), camuflándose moi ben coa follaxe do chan. Gústalle moito as brañas e turbeiras cubertas de *Sphagnum*. Tamén é posible vela nas marxes de ríos con abundante vexetación nas ribeiras, sempre en zonas de sombra.

DISTRIBUCIÓN

Abundante no centro e norte das provincias de Lugo e A Coruña. Nas zonas do sur está restrinxida ás serras, chegando ata os 1900 m en Pena Trevinca.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

Non presentan aínda serios problemas de subsistencia, aínda que é certo que sofren máis que ningún outro tipo de ras os efectos devastadores dos incendios, por desgraza tan abundantes na nosa xeografía.

CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

Vulnerábel.